




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
IES A Xunqueira II

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6  
E-36005 Pontevedra  
☎ 886.15.90.90 📠 886.15.90.98  
ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal  
www.iesaxunqueira2.com



galicia



# Memoria anual do curso 2018/19.

## IES A Xunqueira II.

### Pontevedra.

Asdo. O Director.

D. Juan Carlos Pérez Mestre.





## Índice

Introdución.....	5
a. As medidas de atención á diversidade aplicadas son as seguintes:.....	5
b. Estatística de alumnado.....	6
c. Cadro de persoal.....	7
d. Proxectos nos que participamos.....	8
b. Formación de profesorado.....	10
• Avaliación do funcionamento dos órganos colexiados de goberno.....	11
a. O Consello escolar.....	11
b. A comisión de coordinación pedagóxica. (CCP).....	14
c. O claustro.....	17
• Avaliación do funcionamento dos órganos unipersoais de goberno.....	20
a. Dinámica de traballo do equipo directivo.....	20
b. Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro.....	20
i. Cumprimento do plan de mellora.....	21
ii. Control de asistencia e puntualidade do alumnado: reducir o número do alumnado que con faltas de puntualidade e o absentismo escolar en determinadas datas.....	21
iii. Normas de Organización e Funcionamento. (NOF).....	22
iv. Revisión dos documentos de centro.....	23
v. Procura da participación activa de toda a comunidade educativa.....	25
vi. Mellora da atención á diversidade.....	25
vii. Desenvolvemento das competencias clave do alumnado.....	26
viii. Melloras no proceso de admisión (documentación, Itinerarios, oferta de materias.....)	26
ix. Mellora no emprego das TIC como recurso para a xestión, a ensinanza e a innovación.....	29
x. Conservación e mellora das instalacións do centro.....	30
• Informe de Dirección.....	31
a. Relación coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.....	31
b. Coordinación cos Institutos de Pontevedra e doutros lugares.....	31
c. Relación coas persoas responsables de alumnado e ANPA.....	32
d. Relación co persoal de administración e servizos. (en adiante PAS).....	34
e. Coordinación cos centros de primaria.....	34
f. Relación co Concello de Pontevedra.....	35





- g. Relación con outras institucións..... 35
- Resultados por niveis e grupos..... 36
  - a. Matrículas de honra..... 36
  - b. Premios extraordinarios..... 36
  - i. (maio) De bacharelato..... 36
  - ii. (xuño) De educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico..... 36
  - iii. (xullo) De educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal..... 36
  - c. Probas de avaliación de bacharelato e acceso á universidade (ABAU)..... 37
- Informe de vicedirección..... 37
- Informe de xefatura de estudos..... 37
  - a. Función planificadora temporal e de agrupamento de alumnos..... 37
  - b. Funcións orientadoras e de coordinación docente..... 38
    - i. Co departamento de Orientación..... 38
    - ii. Coa Vicedirección..... 39
    - iii. Cos departamentos didácticos..... 39
    - iv. Coas persoas titoras e o profesorado en xeral..... 39
    - v. Co alumnado e coa xunta de persoas delegadas..... 42
    - vi. Coas persoas responsables..... 43
    - vii. Co profesorado..... 43
    - viii. Con outras institucións..... 44
  - c. Funcións convivenciais e disciplinarias..... 44
  - d. Conclusións..... 45
- Informe de secretaría..... 46
  - a. Aspectos económicos xerais..... 46
  - b. Instalacións e equipamento..... 46
  - c. Obras de acondicionamento e mellora..... 46
- Informe ao claustro e ao Consello escolar..... 48
- Anexos..... 48
  - a. Estatísticas..... 48
  - b. Memoria de Vicedirección..... 48
  - c. Memoria do departamentos de Orientación..... 48
  - d. Memorias dos departamento didácticos..... 48
  - e. Memoria do Equipo de dinamización en lingua galega..... 49
  - f. Memoria do PLAMBE. (Plan de mellora de bibliotecas escolares)..... 49





g.	Memoria do club de lectura. ....	49
h.	Memoria dos Contratos-programa.....	49
i.	Memoria de plan Proxecta .....	49
j.	Memoria do club de Ciencia. ....	49
k.	Memoria do Espazo Maker.....	49





## Introdución.

A presente memoria tenta recoller as conclusións máis relevantes sobre o grao de cumprimento da programación xeral anual (en adiante PXA) correspondente presente curso.

### a. As medidas de atención á diversidade aplicadas son as seguintes:

- Ordinarias:
  - Desdobramentos combinados en 1º da ESO nas seguintes áreas:
    - Lingua castelá e literatura, grupos A+B e C+D.
    - Lingua galega e literatura, grupos A+B e C+D.
    - Matemáticas, grupos A+B e C+D.
    - Bioloxía e xeoloxía, grupos A+B e C+D.
    - Primeira lingua estranxeira - Inglés, grupos A+C+D, xa que o grupo B xa vai desdoblado ao ter a materia Primeira lingua estranxeira – Francés.
  - Desdobramentos combinados en 2º da ESO nas seguintes áreas: *(o grupo A xa está desdoblado ao incorporar o PMAR)*
    - Lingua castelá e literatura, grupos B+C+D.
    - Lingua galega e literatura, grupos B+C+D.
    - Matemáticas, grupos B+C+D.
    - Lingua estranxeira – Inglés, grupos C+D, xa que o grupo B xa vai desdoblado ao ter a materia Primeira lingua estranxeira – Francés.
  - Laboratorios de Física e química en 2º da ESO.
  - Obradoiros de Tecnoloxía en 3º da ESO.
- Extraordinarias:
  - 2º de Programa de Mellora do Aprendizaxe e Reforzo. (en adiante PMAR).
  - 3º de PMAR.






- Exención de 2ª lingua estranxeira en Inglés e Francés.
- Apoios en materias instrumentais en toda a ESO, segundo necesidades.

### b. Estatística de alumnado.

O cómputo final de alumnado matriculado na ESO, coas altas e baixas producidas ao longo do curso escolar, foi de 430 alumnos repartidos conforme á seguinte táboa.

O cómputo final de alumnado matriculado no bacharelato, coas altas e baixas producidas ao longo do curso escolar, foi de 184 alumnos repartidos conforme á seguinte táboa.



Nivel	Ensinanza	Rateo	Grupos	Mulleres	Homes	Total
1º ESO	Ordinario	30	4	60	60	120
	Ordinario		4	50	41	91
2º ESO	PMAR	25	1	4	5	9
	Ordinario		4	59	49	108
3º ESO	PMAR	29,5	1	6	4	10
	Académicas		4	40	39	79
4º ESO	Aplicadas	23	1	5	8	13
	Ciencias		2	14	26	40
1º BTO	Ciencias Sociais	24	1,5	21	22	43
	Humanidades		0,5	9	4	13
2º BTO	Ciencias	29,3	2	25	27	52
	Ciencias Sociais		0,5	13	8	21
	Humanidades		0,5	8	7	15
<b>Totais:</b>				314	300	614

	Mulleres	Homes	total
España	292	282	574
outras	24	25	49
Albania	1	0	1
Alemaña	0	2	2
Arxentina	0	1	1
Brasil	2	5	7
China	4	0	4
Colombia	3	3	6
Etiopía	1	1	2
Marrocos	2	4	6
México	1	2	3
Nicaragua	1	0	1
Lituania			0
Paraguai			0
Perú	1	0	1
Rep.Domi.	0	2	2
Romanía			0
Rusia (Fed.)			0
Senegal	1	0	1
Suíza	2	0	2
Ucráina	1	0	1
Uruguay	2	0	2
Venezuela	2	5	7
21 Nacionalidades			17

Do total de alumnado (614), 49 teñen nacionalidade distinta da española sendo os seus países de orixe: Albania, Alemaña, Arxentina, Brasil, China, Colombia, Etiopía, Marrocos, México, Nicaragua, Perú, República Dominicana, Senegal, Suíza, Ucraína, Uruguai e Venezuela, o cal fornece dunha amalgama de nacionalidades moi nutrida, representando o 7,87% do alumnado matriculado.

Das memorias dos distintos departamentos referidas ao presente curso infírese que sería desexable que estas medidas puideran aplicarse nun número maior de cursos, e especialmente nos 1º e 2º da ESO, cousa que se está a facer, xa que se observa que hai un número importante de alumnado cun alto grado de



desinterese e motivación cara aos estudos.

### c. Cadro de persoal.



O cadro de persoal foi composto por:

- 59 profesores, dos cales 40 con destino definitivo (3 mestres) e 19 con destino provisional.
- 6 membros do persoal de administración e servizos, dos cales o 100% teñen destino provisional, repartíndose conforme ao seguinte:
  - Persoal auxiliar administrativo → 1.
  - Persoal subalterno → 2.
  - Persoal de limpeza → 3.

A dispoñibilidade do profesorado responsable do Plan de Mellora da Biblioteca e do profesorado do Club de lectura, así como do profesorado de garda, fixo que a Biblioteca tivera un horario completo de apertura.

No relativo ao transcurso do curso escolar, non houbo especial conflictividade na marcha das actividades lectivas e/ou extraescolares, se ben hai que sinalar a convocatoria de diversas xornadas de folga (8 e 21 de marzo), sen incidencias salientables.

Como centro acreditado polas Universidades de Vigo, de Santiago de Compostela, o IES A Xunqueira II continuou a impartir o Prácticum para a obtención do Máster en Educación Secundaria nas materias de Príentación e Debuxo técnico, coa participación de tres alumnos, e dous membros do profesorado: D. M<sup>a</sup> Laura Malvar Méndez e D. Margarita Esteban Muñecas, baixo a coordinación do director D. Juan Carlos Pérez Mestre.





## d. Proxectos nos que participamos.

### Feiras e premios nos que nos estamos a presentar e/ou acadamos recoñecementos:

- Open Science Cambre. (desde o curso 2018/19)
- Galiciencia. (desde o curso 2017/18)
- STEMLab. (desde o curso 2017/18)
- OSHWDem. (desde o curso 2017/18)
- Feria Piteas. (desde o curso 2016/17)
- Ponteciencia. (desde o curso 2017/18, obtendo 3 premios dos 4 existentes)
- 3º premio na IV edición dos premios Ética y Ciencia da Fundación Grifols.



### En estudo ou pendente de concesión:

- Club de letras, pendente de coordinación.
  - (en prazo de solicitude)
- STEMBach, pendente de coordinación.
  - (en prazo de solicitude)



### Concedidos, por orde inversa de implementación:

- Semana STEM, coordinado por Raquel.
  - a. Desde o curso 2018/19.
- Espazo maker, coordinado por Esther.
  - a. Desde o curso 2018/19.
- STEMweek. (solicitude polo propio alumnado)
  - a. Desde o curso 2018/19.
- Club de ciencia, coordinado por Belén.
  - a. Desde o curso 2016/17.
- Plan Proxecta.
  - a. **Donas de si**, coordinado por Mercedes.
    - i. Desde o curso 2018/19.
  - b. **Consumópolis**, coordinado por Esther.
    - i. Desde o curso 2018/19.
  - c. **Educación patrimonial** (modalidade da memoria do mar), coordinado por Eusebio.
    - i. Desde o curso 2018/19.
  - d. **Formando creador@s**, coordinado por Eusebio.
    - i. Desde o curso 2018/19.
  - e. **PDC - Centros activos e saudables**.
    - i. DAFIS (formación), coordinado por Ricoy.
      - Desde o curso 2018/19.
    - ii. Máis e mellor actividade física, coordinado por Ricoy.
      - Desde o curso 2018/19.







- iii. **Móvete+**, coordinado por Ricoy.
  - Desde o curso 2018/19.
- iv. **Camiña en bici á escola**, coordinado por Ricoy.
  - Desde o curso 2018/19.
- v. **Milla diaria**, coordinado por Ricoy.
  - Desde o curso 2018/19.
- vi. **PDC (proxecto deportivo de centro)**, coordinado por Ricoy.
  - Desde o curso 2017/18.
- vii. **Xogade**, coordinado por Ricoy.
  - Desde o curso 2017/18.



- f. **Parlamento Xove e Liga de debate forestal**, coordinado por Tito.
  - i. Desde o curso 2017/18.

g. **Aliméntate ben:**

- i. **Ponlle as pilas ao teu bocata**, coordinado por Luz.
  - Desde o curso 2017/18.
- ii. **O sabor da aventura está no mar**, coordinado por Maola.
  - Desde o curso 2017/18.
- iii. **Xermolón**, coordinado por Iñaki.
  - Desde o curso 2017/18.
- iv. **Froita na escola**, coordinado por Iñaki.
  - Desde o curso 2015/16.



- **CUALE**, coordinado por Fina.
  - a. A2, desde o curso 2019/20.
  - b. B1, desde o curso 2018/19.
  - c. A1, desde o curso 2017/18.
- **DELF Scolaire**, coordinado por Fina.
  - a. Desde o curso 2017/18 (A1) e o curso 2018/19 (B1)



- **Educación dixital**, coordinado por Felipe.
  - a. E-Dixgal: Desde o curso 2017/18 en 1º e 2º da ESO.
  - b. Abalar: Desde o curso 2018/19, en 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de bacharelato e aulas específicas (Arte/Clásica, Música, Proxectos).



EDIXGAL



PROXECTO ABALAR

- **Olimpíada de Química**, coordinado por Carmen.
  - a. Desde o curso 2016/17.
- **Piteas**, coordinado por Raquel.
  - a. Desde o curso 2016/17, anteriormente "O Talento 3.0", desde o 2015/16.



- **Contratos-Programa:**
  - a. **PROA**, coordinado por Iñaki.
    - i. Desde o curso 2015/16.
  - b. **Mellora das competencias:**

Piteas

Programa de formación e mentoring para o desenvolvemento do talento





- i. Matemática, coordinado por Bonanad.
  - Desde o curso 2016/17.
- ii. Lingüística, coordinado por Fran.
  - Desde o curso 2016/17.
- iii. Ciencia e tecnoloxía, coordinado por Carmen.
  - Desde o curso 2016/17.



c. Convivencia e igualdade, coordinado por Laura.

- i. Desde o curso 2016/17.

d. Abandono temperán e absentismo escolar, coordinado por Laura.

- i. Desde o curso 2016/17.

e. Excelencia e Calidade, coordinado por Juan Carlos.

- i. Desde o curso 2015/16.

f. Reforzo de competencias en 3º e 4º da ESO:

- i. Matemáticas, coordinado por Esther.

- Desde o curso 2017/18.

- ii. Lingüística, coordinado por Raquel.

- Desde o curso 2017/18.

- iii. Ciencia e tecnoloxía, coordinado por Miguel.

- Desde o curso 2017/18.

- Olimpiada de Matemáticas, coordinado por Inma.

- a. Desde o curso 2016/17.

- Erasmus+, coordinado por Juan Carlos.

- a. Desde o curso 2012/13.

- Club de lectura, coordinado por Tito.

- a. Desde o curso 2011/12.

- Olimpiada de Bioloxía, coordinado por Luis Alberto.

- a. Desde o curso 2008/09.

- Plambe, coordinado por Pepa.

- a. Desde o curso 2008/09.

- EDLG, coordinado por Potel.

- a. Desde o curso 1999/00.



Olimpiada Informática Española



## b. Formación de profesorado.

Desde o curso escolar 2017/18, temos incorporado un plan de formación permanente de profesorado (PFPP) que abrangue as seguintes liñas:

- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital (E-Dixgal), coordinado por Felipe.
- Escola inclusiva e atención á diversidade (Piteas), coordinado por Raquel.
- Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias,



coordinado por Laura.

- Mellora da xestión dos centros (con especial atención á xestión directiva) e dos procesos de calidade, coordinado por Juan Carlos.
- Espazo Maker, coordinado por Esther.

Outra formación de centro:

- Educación dixital 2018/19.
- Xornadas de linguas estranxeiras 2018/19.
- X Encontros de coordinadores de actividades de formación en centros.
- Formación continua de equipos directivos e 12ª Xornadas ADDIGA.
- XXXIX Congreso de formación y evaluación de la dirección.
- Igualdade, Convivencia e Inclusión. Módulo 0.
- Plan Proxecta Aliméntate ben - Modalidade Xermolón.
- Xornadas anuais de Plambe, Club de lectura, Orientación...

## • **Avaliación do funcionamento dos órganos colexiados de goberno.**

### a. **O Consello escolar.**

No presente curso os membros do Consello escolar, presidido polo director, D. Juan Carlos Pérez Mestre, foron:

<b>Consello escolar</b>	
<b>Presidencia.</b>	Juan Carlos Pérez Mestre.
<b>Xefatura de estudos.</b>	Olga López Míguez.
<b>Secretaría.</b>	Esther Padín Vidal.
<b>Representantes do profesorado.</b>	Mª del Carmen Redondo Pérez.
	Mª Ángeles Fernández González.
	Fernando Otero Urtaza.
	Mª Mercedes Domínguez Martínez.
<b>Representantes dos responsables de alumnado.</b>	Alfonso González Redondo.
	Mercedes Paz Valle.
	José Jamardo Laseiras.
<b>Representantes do alumnado.</b>	Alejandro Pazos Villamil.
	Fabio Grajales Pereira.
	Mauro García Sola.





## Consello escolar

	Andrea Fátima Area Effio.
<b>Representante do persoal de administración e servizos.</b>	Lourdes Domínguez Balboa.
<b>Representante do Concello.</b>	Luis Alberto Oubiña Piay.

Durante presente curso, coa sesión na que se presenta esta memoria, o Consello escolar reuniuse en 7 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

Data e hora	Carácter	Orde do día.
19/09/2018 19:00h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procede, do servizo de comedor xestionado á través da FAMPA.</li> </ul>
09/10/2018 19:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cambios na composición do Consello escolar e nas respectivas comisións.</li> <li>Informe de Dirección.</li> <li>Avaliación da Programación Xeral Anual (PXA).</li> <li>Aprobación, se procede, dos días de conveniencia pedagóxica.</li> </ul>
04/12/2018 20:30h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constitución do novo consello escolar.</li> <li>Designación dos membros da comisión económica.</li> <li>Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres (Art. 126.2. da LOE)</li> <li>Designación dos membros da comisión de biblioteca.</li> <li>Designación dos membros da comisión de convivencia escolar.</li> <li>Designación dos membros de seguimento do estado das instalacións.</li> </ul>
29/01/2019 19:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe de dirección: Balance do primeiro trimestre e propostas.</li> <li>Informe de xefatura de estudos.</li> <li>Informe de secretaría.</li> </ul>
28/03/2019 12:05h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procede, da participación no programa Galimiens de intercambio de alumnado da Académie d'Amiens (Francia) no 2018.</li> </ul>
23/04/2019 19:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso. (baremación)</li> <li>Aprobación, se procede, do criterio complementario.</li> <li>Informe de dirección: Balance do segundo trimestre e propostas.</li> <li>Seguimento da elaboración do proxecto anual de lectura (PAL).</li> <li>Seguimento da elaboración do plan de autoprotección (PA).</li> <li>Novidades nas relacións coa administración. (educación dixital)</li> <li>Informe de xefatura de estudos.</li> <li>Informe de secretaría..</li> </ul>
27/06/2019 19:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre a memoria anual de centro.</li> <li>Informe de dirección.</li> <li>Aprobación, se procede, do proxecto anual de lectura (PAL).</li> <li>Aprobación, se procede, do plan de autoprotección (PA).</li> <li>Informe de vicedirección.</li> <li>Informe de xefatura de estudos.</li> <li>Informe de secretaría.</li> </ul>

En tódalas reunións ordinarias do Consello escolar se incluíron os preceptivos puntos na orde do día de aprobación, se procede, da/s acta/s anterior/es e de rogos e preguntas.





Por outro lado, no seno do Consello escolar establécense distintas comisións:

Comisión económica.	
<b>Presidencia.</b>	Juan Carlos Pérez Mestre.
<b>Secretaría.</b>	Esther Padín Vidal.
<b>Representante do profesorado.</b>	M <sup>a</sup> del Carmen Redondo Pérez
<b>Representante dos responsables de alumnado.</b>	Mercedes Paz Valle.
<b>Representante do alumnado.</b>	Mauro García Sola.

Comisión de convivencia.	
<b>Presidencia.</b>	Juan Carlos Pérez Mestre.
<b>Xefatura de estudo.</b>	Olga López Míguez.
<b>Representantes do profesorado.</b>	Fernando Otero Urtaza.
	M <sup>a</sup> Mercedes Domínguez Martínez.
<b>Representante dos responsables de alumnado.</b>	José Jamardo Laseiras.
<b>Representante do alumnado</b>	Alejandro Pazos Villamil.
	Mauro García Sola.
<b>Representante do persoal de administración e servizos.</b>	Lourdes Domínguez Balboa.

Comisión da biblioteca.	
<b>Xefatura de estudos.</b>	Olga López Míguez.
<b>Representante do profesorado.</b>	M <sup>a</sup> Ángeles Fernández González.
	Fernando Otero Urtaza.
<b>Representante dos responsables de alumnado.</b>	Alfonso González Redondo..
<b>Representante do alumnado.</b>	Alejandro Pazos Villamil.
<b>Representante do persoal de administración e servizos.</b>	Lourdes Domínguez Balboa.

Seguimento do estado das instalacións.	
<b>Presidencia.</b>	Juan Carlos Pérez Mestre.
<b>Xefatura de estudos.</b>	Olga López Míguez.
<b>Secretaría.</b>	Esther Padín Vidal.
<b>Representantes do profesorado.</b>	M <sup>a</sup> del Carmen Redondo Pérez.
	M <sup>a</sup> Ángeles Fernández González.
<b>Representante dos responsables de alumnado.</b>	Mercedes Paz Valle.
<b>Representante do persoal de administración e servizos.</b>	Lourdes Domínguez Balboa.
<b>Representante do alumnado</b>	Andrea Fátima Area Effio.

Estas comisións reuníronse conforme ao seguinte:



Data e hora	Comisión	Carácter	Orde do día.
09/10/2018, 18:00h	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe inicial sobre a convivencia no centro.</li> <li>Informe sobre os procedementos correctores en curso.</li> <li>Adecuación das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) á normativa e necesidades vixentes</li> </ul>
19/01/2019, 10:25h	Económica	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estudo das contas do exercicio 2018.</li> <li>Aprobación, se procede, dos prezos de reprografía</li> </ul>
25/01/2019, 18:00h	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre a convivencia escolar no primeiro trimestre</li> <li>Informe sobre os procedementos correctores en curso.</li> </ul>
16/03/2019, 10:25h	Económica	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Anteproxecto de orzamento do exercicio 2019.</li> <li>Aprobación, se procede, do plan de reparacións, mantemento e mellora das instalacións do citado exercicio.</li> </ul>
19/04/2019, 18:00h	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre a convivencia escolar no segundo trimestre</li> <li>Informe sobre os procedementos correctores en curso.</li> <li>Seguimento das faltas de conduta a través do abalarMóbil</li> </ul>
27/06/2018, 18:00h	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre a convivencia escolar no terceiro trimestre.</li> <li>Propostas de mellora para o vindeiro curso académico.</li> </ul>

As reunións do Consello escolar tiveron lugar pola tarde para facilitar a asistencia de tódolos membros, realizándose de xeito ordinario ás 19:00h coa fin de facer unha mellor conciliación familiar e laboral e facilitar a asistencia de tódolos membros do citado órgano. Por outra banda, as reunións da comisión de convivencia foron convocadas, en xeral, unha hora antes dos consellos escolares.

A comisión da biblioteca reuniuse semanalmente os mércores ás 11:15h no seno do Plan de Mellora de Bibliotecas escolares (en adiante PLAMBE) e a comisión do seguimento do estado das instalacións reuniuse a finais de curso segundo o calendario de revisións de tódolos espazos do centro, e puntualmente segundo a necesidade.

Este curso tamén houbo departamentos que integraron as súas reunións de departamento no horario semanal, como é o departamento de Música (os venres, ás 12:30h) e o equipo Piteas (os martes, ás 11:15h)

## b. A comisión de coordinación pedagóxica. (CCP)

A data e a hora fixadas para celebrar as reunións da CCP foron, en xeral, os xoves ás 17:00 horas, polo que o cambio de día foi aceptado pola maioría dos membros (antes celebrábanse os martes).

Dous son os obxectivos principais da CCP:

- Levar a cabo as funcións que se establecen no regulamento orgánico (RO) dos institutos de secundaria.





- Servir de canle de información e comunicación entre o equipo directivo e o profesorado dos correspondentes departamentos.

Ambas son necesarias para un mellor funcionamento do centro, pero detectamos que non sempre chega a información ao profesorado polo que no vindeiro curso tentaremos que a información sobre o traballo na CCP sexa exposto coas actas correspondentes, coa fin de que poida ser coñecida polo profesorado directamente.

Durante o curso actuou como secretario da CCP D. Jorge Potel Torres, coordinador do equipo de dinamización de lingua galega (EDLG), e na súa ausencia D<sup>a</sup> María Teba Santos Portela.

No presente curso os membros da CCP, presidida polo director, D. Juan Carlos Pérez Mestre, foron:

Área	Xefatura de departamento	Horario de atención
Bioloxía e xeoloxía.	Samartin Bienzobas, Luis Alberto.	Venres, 9:20 a 10:10h.
Debuxo.	Esteban Muñecas, Margarita.	Mércores, 10:25 a 11:15h.
Economía.	Fernández Seoane, Jorge.	Luns, 12:30 a 13:20h.
Educación física.	Carbajo Esteban, José Ignacio.	Venres, 10:25 a 11:15h.
Filosofía.	Diz Fondado, Julio.	Xoves, 9:20 a 10:10h.
Física e química.	Redondo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen.	Martes, 10:25 a 11:15h.
Francés.	Rúa Opazo, M <sup>a</sup> de los Ángeles.	Luns, 11:15 a 12:05h.
Grego e Latín.	López Gago, M <sup>a</sup> Cristina.	Mércores, 9:20 a 10:10h.
Inglés.	Constela Doce, Xesús Ánxo.	Martes, 11:15 a 12:05h.
Lingua castelá e literatura.	López Sobrado, Marta.	Martes, 11:15 a 12:05h.
Lingua galega e literatura.	Laxe Díaz, Sabela.	Martes, 10:25 a 11:15h.
Matemáticas.	Otero Pérez, José Manuel.	Luns, 13:20 a 14:10h.
Música.	Otero Urtaza, Fernando.	Luns, 9:20 a 10:10h.
Orientación.	Malvar Méndez, M <sup>a</sup> Laura.	Venres, 10:25 a 11:15h.
Relixión.	López Míguez, Olga.	Venres, 9:20 a 10:10h.
Tecnoloxía.	Santos Portela, María Teba.	Mércores, 12:30 a 13:20h.
Xeografía e historia.	Abilleira Fernández, M <sup>a</sup> del Mar	Martes, 11:15 a 12:05h.
Equipo de dinamización de lingua galega.	Potel Torres, Jorge	Venres, 11:15 a 12:05h.
PLAMBE. (biblioteca)	Vicario Quintana, M <sup>a</sup> José.	Luns, 11:15 a 12:05h.





Área	Xefatura de departamento	Horario de atención
Pedagogía terapéutica,	Domínguez Martínez, M <sup>a</sup> Mercedes.	Xoves, 13:20 a 14:10h.

Formou tamén parte da CCP a xefa de estudos, D<sup>a</sup> Olga López Míguez.

Durante presente curso os membros da CCP reuníronse en 7 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

Data e hora	Carácter	Orde do día.
14/09/2018 10:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constitución da CCP para o curso presente curso escolar.</li> <li>Informe de dirección.</li> <li>Informe do departamento de orientación.</li> <li>Aprobación, se procede do calendario de avaliacións.</li> </ul>
09/10/2018 16:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resumo da oferta educativa do presente curso escolar.</li> <li>Instrucións sobre o alumnado con pendentes.</li> <li>Instrucións sobre o inventario de departamento.</li> <li>Breve formación sobre o espazo Abalar e o AbalarMóbil.</li> <li>Revisión dos documentos do centro. (PED e PLC)</li> <li>Proposta de revisión de documentos do centro. (Plan de autoprotección e NOFC)</li> <li>Información sobre o plan de formación permanente de profesorado (PFPP)</li> <li>Información sobre a convocatoria dos contratos-programa do presente curso.</li> <li>Seguimento das programacións.</li> </ul>
29/11/2018 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre a convocatoria de Contratos-programa 2018/19.</li> <li>Aprobación, se procede, da actualización do PED e do PLC.</li> <li>Proposta de oferta educativa dinámica.</li> <li>Plan de mellora: revisión de documentos, horarios, programacións e outros.</li> <li>Seguimento das programacións e a súa difusión.</li> </ul>
31/01/2019 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Novas CIUG. (datas maio/xuño, comisións delegadas...)</li> <li>Aprobación, se procede, da oferta educativa para o vindeiro curso.</li> <li>Aprobación, se procede, dos criterios de obtención das matrículas de honra en 4º da ESO.</li> <li>Xornada de portas abertas.</li> <li>Información sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso.</li> <li>Programa de avaliación e mellora da Inspección educativa. (PAM)</li> </ul>
21/02/2019 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso. (centros adscritos)</li> <li>Informe sobre a xornada de portas abertas.</li> <li>Seguimento da elaboración do PAL e o PA.</li> <li>Propostas de departamentos para a impartición de PMAR.</li> <li>Propostas de departamentos para a impartición da exención de 2ª lingua estranxeira.</li> <li>Conclusións do PAM, e medidas a adoptar.</li> </ul>
29/04/2019 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso escolar. (adscritos e solicitudes)</li> <li>Xornada de acollida para alumnado de nova incorporación.</li> <li>Propostas de departamentos para a impartición da exención de 2ª lingua estranxeira.</li> <li>Indicacións sobre as materias asignables a varios departamentos.</li> <li>Procedemento de rexistro de faltas de conduta no XADE.</li> <li>Indicacións sobre o procedemento de reclamación. (2º BTO)</li> <li>Informe sobre medidas organizativas, de calidade e innovación, e de atención á diversidade para o vindeiro curso.</li> </ul>
30/05/2019 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso escolar. (adscritos, solicitudes e permanencias)</li> <li>Oferta educativa definitiva para os sobres de matrícula, logo do proceso de</li> </ul>







Data e hora	Carácter	Orde do día.
		<p>permanencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Novas da CIUG. (ABAU xuño e xullo)</li> <li>• Formación sobre a mensaxería abalar (profesorado &lt;-&gt; responsables)</li> <li>• Indicacións sobre o cambio ou actualización dos libros de texto e implantación do EDIXGAL.</li> <li>• Indicacións sobre o procedemento de reclamación. (ESO e 1º BTO)</li> <li>• Indicacións sobre a memoria de final de curso e a programación de principio de curso.</li> <li>• Indicacións sobre a vixencia das xefaturas durante o mes de setembro.</li> </ul>

En tódalas reunións ordinarias da CCP se incluíron os preceptivos puntos na orde do día de aprobación, se procede, da/s acta/s anterior/es e de rogos e preguntas.

### c. O claustro.

No presente curso os membros do claustro, presidido polo director, D. Juan Carlos Pérez Mestre, foron:

Departamento.	Cargo.	Nome completo.
Biología e xeoloxía.	Xefatura de departamento.	Samartin Biezobas, Luis Alberto.
	---	Lores Buezas, Mª Luz.
	Persoa titora de 1º ESO D.	de Paz Mucientes, María de la O.
Debuxo.	Xefatura de departamento.	Esteban Muñecas, Margarita.
	Persoa titora de 3º ESO A.	Rivero Veiga, Eusebio.
Economía.	Xefatura de departamento.	Fernández Seoane, Jorge.
Educación física.	Persoa titora de 1º ESO C.	Solla Casqueiro, José María.
	Xefatura de departamento.	Carbajo Esteban, José Ignacio.
	Persoa titora de 2º ESO C.	Ricoy Bugarín, José Antonio.
Filosofía.	Xefatura de departamento.	Diz Fondado, Julio.
	Coordinadora do PLAMBE.	Vicario Quintana, Mª José.
Física e química.	Xefatura de departamento.	Redondo Pérez, Mª del Carmen.
	---	Gosende Bragaña, María Belén.
	---	Quiroga Bóveda, Miguel.
Francés.	Xefatura de departamento.	Rúa Opazo, Mª de los Ángeles.
	Persoa titora de 2º ESO B.	Doce Caaveiro, Josefa Delfina.
	Persoa titora de 1º ESO B.	Piberne, Sabrina Karine Annick.
Grego e Latín.	Xefatura de departamento.	López Gago, Mª Cristina.
	---	García Diéguez, María del





Departamento.	Cargo.	Nome completo.
		Carmen.
	---	Villasenín Viqueira, Patricia.
<b>Inglés.</b>	Persoa titora de 4º ESO B.	Castro García, Mª Jesús.
	Persoa titora de 1º BTO C.	Sarandeses López, Mª Blanca.
	Persoa titora de 1º BTO D.	Blanco Imes, Catarina Linn.
	Xefatura de departamento.	Constela Doce, Xesús Ánxo.
	---	Allaby Freijeiro, Rebeca Wendy.
<b>Lingua castelá e literatura.</b>	Persoa titora de 4º ESO A.	Seijas Ramos, Patricia.
	---	Gil Sotres, Francisco Javier.
	Persoa titora de 2º ESO PMAR.	Ogando Fernández, Delfín Benito.
	Xefatura de departamento e persoa titora de 2º BTO B.	López Sobrado, Marta.
	---	Fernández González, Mª Ángeles.
	Persoa titora de 3º ESO C.	Fernández Fernández, María Sara.
<b>Lingua galega e literatura.</b>	persoa titora de 2º BTO A.	Puime Montero, Patricia María.
	Xefatura de departamento.	Laxe Díaz, Isabel.
	Persoa titora de 4º ESO C.	Godón Davila, Xosé Francisco.
	Persoa titora de 3º ESO B.	Maquieira Coello, Ricardo.
	Persoa titora de 3º ESO PMAR.	López Sánchez, María Mercedes.
<b>Matemáticas.</b>	---	Trabazo Samartín, Mª del Carmen.
	Xefatura de departamento.	Otero Pérez, José Manuel.
	Persoa titora de 1º BTO A.	Mezquita Fernández, Mª Inmaculada.
	Secretaria.	Padín Vidal, Esther.
	Persoa titora de 4º ESO D.	Bonanad Calviño, Francisco Javier.
	Coordinador Abalar/E-dixgal.	Suárez Pereiro, Felipe.
	Persoa titora de 3º ESO D.	Villameá Hernández, María Carmen
<b>Música.</b>	Xefatura de departamento.	Otero Urtaza, Fernando.
	Director, coordinador dos contratos-programa e do PFPP.	Pérez Mestre, Juan Carlos.
	Vicedirectora e coordinadora do programa Piteas.	Gey Piñeiro, Raquel.





Departamento.	Cargo.	Nome completo.
Orientación.	Xefatura de departamento.	Malvar Méndez, M <sup>a</sup> Laura.
	Pedagogía terapéutica.	Domínguez Martínez, M <sup>a</sup> Mercedes.
Relixión.	Xefatura de departamento.	López Míguez, Olga.
	---	Seoane Ares, Luis Antonio.
Tecnoloxía.	Xefatura de departamento.	Santos Portela, María Teba.
	Persoa titora de 2º ESO D.	Vilas Juncal, María.
	Persoa titora de 2º ESO A.	Tortajada Bermúdez, Mónica.
Xeografía e historia.	Xefatura de departamento.	Abilleira Fernández, M <sup>a</sup> del Mar.
	Coordinador/a do Equipo de dinamización de lingua galega.	Potel Torres, Jorge.
	Persoa titora de 1º ESO A.	Gómez Calviño, Esmeralda Jerusa.
	Persoa titora de 2º BTO C.	Requejo Vázquez, María Jesús

Durante do presente curso, coa sesión na que se presenta esta memoria, o claustro reuniuse en 8 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e os temas tratados:

Data e hora	Carácter	Orde do día.
06/09/2018 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe do equipo directivo.</li> <li>Distribución de grupos, cursos e titorías por departamento..</li> </ul>
17/09/2018 08:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>8:30h: café de benvida.</li> <li>Informe do equipo directivo.</li> <li>Información sobre a participación na convocatoria do club de Lectura 2018/9.</li> <li>Entrega de horarios.</li> </ul>
19/11/2018 12:05h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Eleccións ao consello escolar: lectura de normas e presentación de candidaturas.</li> </ul>
31/01/2018 18:30h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxecto de dirección 2016/20, informe intermedio.</li> <li>Informe de dirección: Balance do primeiro trimestre e propostas.</li> <li>Informe de vicedirección.</li> <li>Informe de xefatura de estudos.</li> <li>Informe de secretaría.</li> </ul>
29/04/2017 18:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe de dirección: Balance do segundo trimestre e propostas.</li> <li>Seguimento da elaboración do proxecto anual de lectura (PAL).</li> <li>Seguimento da elaboración do plan de autoprotección (PA).</li> <li>Novidades nas relacións coa administración. (educación dixital)</li> <li>Informe de vicedirección</li> <li>Informe de xefatura de estudos.</li> <li>Informe de secretaría..</li> </ul>
18/06/2019 18:30h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre as obras a realizar ao respecto do Espazo Maker.</li> </ul>
28/06/2019 12:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe da memoria anual de centro.</li> <li>Informe de Dirección.</li> <li>Aprobación, se procede, do proxecto anual de lectura (PAL).</li> <li>Aprobación, se procede, do plan de autoprotección (PA).</li> </ul>





Data e hora	Carácter	Orde do día.
		<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe de vicedirección.</li> <li>Informe de xefatura de estudos.</li> <li>Informe de secretaría.</li> <li>Informe do calendario de setembro..</li> </ul>

En todos os claustros ordinarios se incluíu unha análise dos resultados e o informe da convivencia, ademais dos preceptivos puntos na orde do día de aprobación, se procede, da/s acta/s anterior/es e de rogos e preguntas.

• **Avaliación do funcionamento dos órganos unipersoais de goberno.**

**a. Dinámica de traballo do equipo directivo.**

Este é o segundo ano deste equipo directivo, formado por:

Cargo	Nome completo	Horario de atención
Dirección	Pérez Mestre, Juan Carlos.	Martes, 09:20 a 10:10h.
Vicedirección	Gey Piñeiro, Raquel.	Xoves, 10:25 a 11:15 h.
Xefatura de estudos	López Míguez, Olga.	Xoves, 09:20 a 10:10h.
Secretaría	Padín Vidal, Esther.	Mércores, 10:25 a 11:15 h.

Durante o presente curso fixéronse no horario dos membros do equipo directivo dous sesións semanais de reunión. Estas foran os venres, de 10:25 á 12:05. Os temas tratados foron diversos coas achegas de cada membro relativas ao seu ámbito de actuación e a posta en común segundo a prioridade que cada etapa do curso académico requirise cara ao mellor funcionamento do centro.

Por outra parte, hai momentos nos que están todos os membros do equipo directivo e que se comentan aspectos puntuais. Tendo en conta que unha das funcións da dirección é a de coordinar tódalas actividades do instituto, tiveron lugar reunións organizativas ao longo da mañá coa xefatura de estudos, coa vicedirección e coa secretaría de xeito separado, segundo as necesidades do momento.

**b. Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro.**

A PXA do presente curso recollía os obxectivos específicos que o centro se propoñía acadar, as medidas que se ían desenvolver para a súa consecución e os recursos, tanto humanos,





como materiais, con que contaba para levalos a cabo. Unha vez rematado o curso as conclusións son as seguintes:

### i. Cumprimento do plan de mellora.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Revisión das programacións.	Lexislativos: adecuación á normativa. Indicacións da inspección educativa. Plantillas para facilitar o seguimento.	Dirección Xefaturas de departamento.	Setembro - Outubro.	Ter toda a documentación do centro (PE, PXA, CC, programacións didácticas, proxectos) dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Revisión do PE.	Documento actual. Referencias lexislativas.	Equipo directivo. CCP.	1º e 2º trimestres. (pendente para o curso 2019/20)	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Redacción do plan de actuación anual.	Calendario de reunións e actuacións dos anteriores cursos.	Equipo directivo.	Xullo do curso anterior.	Actualización mensual. Documento anual de reunións dos distintos sectores.

#### Grao de cumprimento.

- Respecto das programacións, facilitouse unha plantilla coas indicacións da Inspección educativa conforme ao plan de avaliación e mellora (PAM) realizado durante o 2º trimestre.
- O documento anual de reunións dos distintos sectores foi elaborado e exposto en claustro e na corticeira de organización da sala de profesorado, coa intención de mellorar a conciliación familiar e laboral.

### ii. Control de asistencia e puntualidade do alumnado: reducir o número do alumnado que con faltas de puntualidade e o absentismo escolar en determinadas datas.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Sistema de anotación de faltas de puntualidade en conserxería.	Libro de conserxería.	Persoal subalterno.	Diario.	Nº de faltas de puntualidade en relación co curso anterior.





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Consolidación da porcentaxe de responsables de alumnado que empregan o abalarMóbil.	Sistema envío establecido pola Consellería. Chamadas aos responsables que inda non están dados de alta.	Secretaría. Persoal auxiliar administrativo.	Diario.	Listaxe de responsables de alumnados dados de alta.
Maior celeridade na aplicación do plan de absentismo.	Aplicación do protocolo establecido pola Consellería.	Dirección. Xefatura de estudos. Titorías.	Logo das ausencias acumulativas.	Nº actuacións e solucións adoptadas.

### Grao de cumprimento.

- O balance do emprego do ordenador de aula para a introdución directa das faltas de asistencia e puntualidade no XADE é moi positivo tanto para a xefatura de estudos como para a maioría das persoas titoras e para o persoal de administración e servizos. A anotación das faltas de puntualidade segue a ser significativa e os avisos a través do abalarMóbil consolídase como medio principal de comunicación para este cometido.
- Non se acadou no bacharelato a redución do absentismo escolar en determinadas datas, a pesar de te repercusión nas bolsas do MECD.
- Esta información encóntrase desenvolta en maior medida no apartado de xefatura de estudos.

### iii. Normas de Organización e Funcionamento. (NOF)

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Acadar hábitos de respecto entre o alumnado.	NOFC.	Profesorado. Xefatura de estudos.	Diariamente.	Nº de incidencias recollidas nas faltas de orde e de conduta. Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva.
Establecer liñas comúns de actuación cara a mellora da convivencia.	NOFC.	Profesorado. Titorías. Xefatura de estudos. Comisión de	Diariamente. Quincenalmente.	Nº de incidencias recollidas nas faltas de orde e de conduta e o seu análise. Libro de seguimento





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Unificar criterios e actuacións para reducir nas aulas os comportamentos que non son adecuados para o traballo diario e o aprendizaxe.		convivencia.		da aula de convivencia inclusiva.
	NOFC. Reunión coas persoas titoras.	Xefatura de estudos. Titorías. Profesorado.  Comisión de convivencia.	Mensualmente.  Quincenalmente.	Nº de partes. Posta en común nas correspondentes xuntas de avaliación.
Mellora do funcionamento da aula de convivencia inclusiva.	Material para a convivencia. Experiencias doutros centros. Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva.	Equipo directivo. Comisión de convivencia. Departamentos. Profesorado de garda de convivencia.	Mensualmente.	Índice de emprego da aula.
Acadar compromisos cos responsables de alumnado.		Xefatura de estudos. Titorías.	Cando proceda.	Nº de reunións nos casos máis conflictivos.

### Grao de cumprimento.

(Esta información encóntrase desenvolta en maior medida no apartado de xefatura de estudos).

- Os problemas de convivencia se centraron sobre todo en 1º e 2º da ESO, referidos a un número reducido de alumnado, pero moi conflictivos, que motivaron algunha reunión extraordinaria do/s equipo/s docente/s para buscar solucións, sen que se puideran acadar criterios comúns para responder aos problemas.
- Respecto da aula de convivencia inclusiva e dado que a incidencia dos problemas de convivencia no centro reduciuse nun 80%, de momento destinouse a titoría 3 (en fronte de xefatura de estudos) para este cometido.
- As reunións de persoas titoras están descritas no apartado do informe de xefatura de estudos.

#### iv. Revisión dos documentos de centro.





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Proxecto educativo (PE).	Documento inicial. Indicacións da Inspección.	CCP, Claustro.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Normas de organización, funcionamento e convivencia. (NOFC)	Documento inicial. Estratexia galega de convivencia escolar 2015/20.	CCP, Claustro, Consello escolar.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa. Resumo en cada aula.
Plan de Autoprotección. (PA)	Documento inicial. Indicacións da Xefatura territorial.	Secretaría.	2º e 3º trimestres.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa. Resumo en cada aula. Aplicación práctica do plan.
Proxecto lingüístico de centro. (PLC)	Documento inicial. Indicacións da Inspección.	CCP.	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Proxecto de educación dixital. (PED)	Documento inicial. Indicacións da Inspección.	CCP. Persoa coordinadora Abalar/E-Dixgal.	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Proxecto Lector . (PL)	Documento inicial. Indicacións do equipo da biblioteca. Indicacións da Inspección.	CCP. Persoa responsable da biblioteca.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Plan Anual de Lectura. (PAL)	Documento inicial. Indicacións do equipo da biblioteca. Indicacións da Inspección.	CCP.	2º e 3º trimestres.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.

### Grao de cumprimento.

- Estableceuse como obxectivo a revisión de dos documentos oficiais do centro por curso escolar, no presente curso escolar elaboráronse o Plan Anual de Lectura (PAL) e o Plan de Autoprotección (PA), quedan pendentes:







- Proxecto Educativo (PE).
- Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- Proxecto Lector (PL).
- Programación Xeral Anual (PXA).

**v. Procura da participación activa de toda a comunidade educativa.**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Xunta de alumnado delegado e subdelegado.	Convocatorias.	Xefatura de estudos.	Trimestral. (dous niveis por semana)	Nº de reunións e resumo dos temas tratados nelas.
Colaboración coa ANPA nos temas que soliciten.	Entrevistas coa directiva da ANPA.	Equipo directivo.	Trimestral. Cando proceda segundo os temas a tratar.	Resumo dos acordos.
Adecuada transmisión da información a toda a comunidade educativa.	Páxina web. Espazo Abalar e AbalarMóbil. Correo electrónico. Taboleiros de novas. Entrevistas persoais.	Equipo directivo.	Cando proceda.	Valoracións dos distintos sectores.
Participación nas diversas convocatorias que poidan xurdir: concursos, premios, proxectos.	As propias convocatorias.	Equipo directivo. Profesorado. Alumnado.	Cando proceda.	Nº de propostas nas que participe o centro.
Apoiar a realización de proxectos e/ou programas de innovación.	Proxectos e programas.	Equipo directivo. Profesorado.	Cando proceda.	Nº proxectos e/ou programas nos que participa o centro e/ou que se presentan.

**Grao de cumprimento.**

- En xeral acadáronse os obxectivos.

**vi. Mellora da atención á diversidade.**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Realizar unha detección temperá das necesidades do alumnado.	Probas e informes.	Departamento de Orientación. Xefatura de	Cando proceda.	Nº de alumnado beneficiario.



Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado da aula de referencia.</b>  <b>Seguimento máis sistemático do alumnado repetidor e con materias pendentes.</b>  <b>Colaboración co Concello e outras institucións (Cruz Vermella, Secretariado Xitano...) na atención ao alumnado migrante.</b>		estudos. Titorías.		
	Horarios.	Profesorado de Pedagogía terapéutica. Xefatura de estudos. Profesorado.	Todo o curso.	
	Programacións.	Xefatura de estudos. Xefaturas de departamento.	Mensual.	Nº alumnado que supera as materias.
	Programas das distintas institucións.	Equipo directivo. Departamento de Orientación.	Cando proceda.	Memoria.

**Grao de cumprimento.**

- Recóllese no punto 7 (informe de xefatura de estudos) e no punto 10.c (memoria do departamento de orientación).

**vii. Desenvolvemento das competencias clave do alumnado.**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Análise xa dende a avaliación inicial do grado de adquisición das competencias clave e propostas de mellora.</b>	Indicacións das xuntas de avaliación. Programacións didácticas.	Departamentos didácticos.	Outubro - Maio.	Resultados das probas.
<b>Mellora o rendemento do noso alumnado.</b>	Cursos de técnicas de estudo en colaboración coa ANPA. Cursos de linguas estranxeiras ( inglés) Curso de afrontamento da ABAU	Profesorado.	Todo o curso.	Análise mensual Resultados das avaliacións

**Grao de cumprimento.**

- Consólidase a mellora de resultados do ano pasado sen ben é certo que temos de mellorar nalgúns niveis.

**viii. Melloras no proceso de admisión (documentación, Itinerarios, oferta de**

**materias...).**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Revisión das solicitudes de reserva.	Legislación. Outras experiencias educativas.	Equipo directivo. CCP.	1º e 2º trimestres.	Follas de reserva.
Revisión dos sobres de matrícula.	Legislación. Outras experiencias educativas.	Equipo directivo. CCP.	1º e 2º trimestres.	Sobres de matrícula.

**Grao de cumprimento.**

- Coma tódolos cursos nas CCPs dos 1º e 2º trimestres revísanse os itinerarios ofertados para adaptalos ás necesidades do alumnado, conforme a recomendación do profesorado e secretaría atendendo á lexislación vixente, ampliando nalgúns casos a opcionalidade e optatividade, reducindo a oferta daquelas materias que “non teñen éxito” e organizando e ordenando a combinación das materias específicas no 4º da ESO e no bacharelato.
- Este ano implementouse o que chamamos a “oferta dinámica”, na que, unha vez consultada a CCP e o alumnado, a oferta adáptase ás súas propostas e inqedanzas, establecendo un sistema de incorporación e descarte de materias que é o seguinte:
  - Poderanse ofertar calquera das materias por calquera profesor do centro con destino definitivo para o vindeiro curso académico.
    - Libre configuración autonómica (LCA).
    - Libre configuración de centro (LCC).
  - O departamento terá de ter horas dabondo para a súa impartición, ou no seu defecto, contar con profesorado provisorio “habitual” que o permita. Non se pode solicitar profesorado *ex profeso* para a súa impartición.
  - Unha vez aprobada a devandita oferta, manterase mentres haxa demanda, non haxa cambios legislativos e/ou o profesorado que a oferta está disposto a seguir ofertándoa (traslados, xubilacións, outros...).





- Calquera materia que durante dous cursos académicos non acade alumnado suficiente para a súa impartición, non será ofertada nos seguintes dous cursos académicos
- Cabe destacar a autorización para a impartición das seguintes materias, todas elas de libre configuración autonómica:
  - 1º da ESO:
    - Promoción de estilos de vida saudable. (desde o curso 2015/16)
    - Igualdade de xénero. (desde o curso 2017/18)
  - 2º da ESO:
    - Programación (LCA). (desde o curso 2018/19)
    - Proxecto deportivo de centro (DAFIS, Reforzo EF, LCC). (desde o curso 2018/19)
  - 1º de bacharelato:
    - Análise de documentos históricos. (desde o curso 2015/16)
    - Literatura anglo-americana no cine e a música. (desde o curso 2017/18)
    - Coeducación para o Século XXI. (desde o curso 2018/19)
    - Obradoiro de creación e comunicación audiovisual. (desde o curso 2018/19)
    - Robótica. (desde o curso 2018/19)
  - 2º de bacharelato:
    - Protagonistas da cultura anglo-americana. (desde o curso 2017/18)
    - Deseño e impresión 3D. (desde o curso 2018/19)
    - Papemodelismo, uso creativo do papel. (desde o curso





2018/19)

- Cabe destacar o descarte das seguintes materias por falta de demanda para a súa impartición:
  - 2º da ESO:
    - Reforzo de música.
  - 2º da ESO:
    - Filosofía.
  - 1º de bacharelato:
    - Filosofía da ciencia e da tecnoloxía.
    - Aproximación á lingua e cultura portuguesas.

Na seguinte táboa temos unha previsión de matrícula para o vindeiro curso.

Reserva de praza:	Estimación			Solicitudes	Permanencias	Total	Ráteos		FPB
	Repiten	Se van	Previsión				Previstas		
1º da ESO	10	3	123	44	72	116	31	4	
	9%	3%		36%	59%	94%	41	3	
2º da ESO	10	8	112	1	119	120	28	4	5
	8%	7%		1%	106%	107%	37	3	
3º da ESO	10	7	97	8	96	104	24	4	5
	10%	7%		8%	99%	107%	32	3	
4º da ESO	10	0	119	1	118	119	30	4	
	8%	0%		1%	99%	100%	40	3	
1º de BTO	5	12	87	28	76	104	22	4	
	5%	12%		32%	87%	120%	29	3	
2º de BTO	5	1	101	6	96	102	25	4	
	5%	1%		6%	95%	101%	34	3	
	50	31	639	88	577	665			
	8%	5%		14%	90%	104%			

(No ANEXO I pódese consultar a nosa oferta educativa a través das tapas dos sobres de matrícula).

#### ix. Mellora no emprego das TIC como recurso para a xestión, a ensinanza e a innovación.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Aulas EDIXGAL en 1º e 2º da ESO.	Dotación das aulas EDIXGAL.	Coordinador Abalar/EDIXGAL Equipo TIC.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego das aulas.
Aulas Abalar en 3º e 4º da	Armarios Abalar	Coordinador	Todo o curso.	Porcentaxe de



Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
ESO, e en 1º e 2º de bacharelato.	con 10 equipos por aula.	Abalar/EDIXGAL Equipo TIC.		emprego das aulas.
Promover o uso docente dos medios informáticos.	kit dixital <sup>1</sup> kit de proxección <sup>2</sup>	Secretaría.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego das aulas.
Promover o emprego do Espazo Abalar.	Espazo Abalar. Reunións.	Equipo directivo.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
Promover o emprego da mensaxería Abalar.	Espazo Abalar. Reunións.	Equipo directivo.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
Promover o emprego das comunicacións de titoría EDIXGAL.	Espazo Abalar. Reunións.	Equipo directivo.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
Enriquecer a páxina web con aportacións de toda a comunidade educativa.	Páxina web. Recordatorios.	Equipo directivo. Equipo Biblioteca. Profesorado.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.

**Grao de cumprimento.**

- Os obxectivos se cumpriron satisfactoriamente.

**x. Conservación e mellora das instalacións do centro.**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Promover entre o alumnado unha actitude responsable no coidado, mantemento e limpeza das aulas e do centro en xeral.	Revisións das aulas.	Comunidade educativa.	Principio de curso. 1º trimestre 2º trimestre Fin de curso.	Enquisas. Informes do persoal de limpeza e das persoas titoras.
Solicitar a dotación de mobiliario.	Dotacións da Consellería e/ou outros organismos.	Dirección. Secretaría.	Xuño/Outubro. Cando for necesario.	Inventario do mobiliario.
Por en marcha unha campaña de concienciación da limpeza exterior e interior do recinto.	Carteis. Concursos.	Equipo directivo. Profesorado. Alumnado.	Todo o curso.	Limpeza xeral.
Mellorar as medidas de eficiencia enerxética.	Asesoramento externo. Recursos propios. Recursos das diversas administracións e/ou institucións.	Secretaría. Comunidade educativa.	Todo o curso.	Estatísticas dos consumos.
Consolidar o bo funcionamento do	Carteis informativos.	Secretaría. Dirección.	Todo o curso.	Incidentes de transporte.

<sup>1</sup> Por "Kit dixital" entendemos videoproxector + EDI + portátil + altafalantes 2.1.

<sup>2</sup> Por "kit de proxección" entendemos videoproxectos + pantalla enrollable + portátil ou sobremesa + altafalantes 2.1.



Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
transporte escolar.		ANPA.		

### Grao de cumprimento.

- En xeral é satisfactorio, sen embargo o principal problema que se observa a final do curso é o do cobro de desperfectos, aínda que é un tema tratado no Consello escolar, que figura no NOF e para o que existe unha comisión de seguimento.

## • Informe de Dirección.

### a. Relación coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Anualmente realizamos reunións cos órganos superiores (Conselleira, Direccións Xerais, Subdireccións Xerais, Xefe territorial, Inspector Xefe), cos cargos intermedios (xefaturas de servizo e de negociado) e coas asesorías dos distintos programas e proxectos, para solicitar recursos humanos e materiais e para solicitar e consolidar proxectos e programas de innovación educativa. Entre todas elas destacan peticións históricas como a instalación do ascensor, o cambio de cuberta do hall, a dotación dunha segunda persoa auxiliar administrativa e mesmo a incorporación de auxiliares de conversación ao noso claustro.

Desde o curso 2016/17 pertenzo á Xunta Provincial de Direccións, e desde o curso 2018/19 pertenzo á Xunta Autonómica de Direccións. Ambos órganos son consultivos na procura da coordinación e representación dos centros educativos, onde achegamos as nosas inxerencias e trasladamos ao resto de centros as indicacións recibidas.

### b. Coordinación cos Institutos de Pontevedra e doutros lugares.

Trimestralmente, celébranse, como ven sendo habitual, reunións das direccións dos institutos de Pontevedra para facer unha posta en común das inxerencias do momento, compartir sinerxías e mesmo para fixar os días non lectivos de conveniencia pedagóxica do calendario escolar. Tamén se tratan temas como o instituto ao que corresponde á inauguración oficial do curso, no caso de a haber, e tratar outros temas relativos á xestión dos centros (novidades legislativas, cambios nos procedementos, plantillas, optimización de recursos humanos e materiais, unificación de criterios...).





### c. Relación coas persoas responsables de alumnado e ANPA.

O 17 de setembro tiveron lugar as presentacións do alumnado da ESO e do bacharelato, ás que foron invitados as persoas responsables de alumnado. A resposta foi moi positiva no caso dos alumnos que viñan por primeira vez ó centro, os de 1º de ESO, e positiva no caso das presentacións de 2º, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato.

Xa no mes de Outubro, os días 2, 3 e 4 convocáronse ás persoas responsables de alumnado ás que asistiron as persoas titoras de cada curso, a xefa do departamento de orientación, e o equipo directivo. Tras unha presentación do director, tomaron a palabra o resto do equipo directivo, a orientadora para tratar diversos temas relacionados co curso, o funcionamento do centro, as instalacións e a implicación de todos na educación do alumnado. Finalmente, unha persoa titora, en nome de tódalas persoas titoras, explicou o funcionamento das titorías. Tras esta presentación xeral, cada persoa titora levou ás persoas responsables de alumnado á aula correspondente para coñecer mellor ás da súa titoría e atender as súas preguntas. Foi o momento no que cada persoa titora puido aproveitar para trazar as liñas do que ía ser o curso e de establecer o marco de relacións entre eles: responsables de alumnado e profesorado, alumnado e os seus responsables, profesorado e alumnado.

Como é xa tradicional, entregouse unha guía de alumnado, que se pode consultar na web do centro.

A asistencia a estas reunións, que consideramos de capital importancia, como en anos anteriores, foi numerosa, sobre todo nos primeiros niveis.

No mes de febreiro realizamos unha xornada de portas abertas, contando cunha asistencia de máis de 120 persoas o cal reflíctese no aumento das solicitudes de admisión para o vindeiro curso.

Aproveitando a celebración da Semana da Música, fixemos a xa tradicional xornada de acollida para o alumnado adscrito do CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2 e o que solicitou praza de seu no período ordinario ao efecto. Este tipo de iniciativas son moi valoradas pola comunidade educativa.

Con respecto á ANPA as nosas relacións son, desde o punto de vista humano, cordiais. Para falar de diversos problemas do día a día, ou da colaboración nas actividades, tiveron lugar







diversas reunións con distintos membros da asociación, que amosaron sempre a súa colaboración. A asistencia ao acto de gradación foi salientable, nunha emotiva data para os pais e nais e os avós do noso alumnado.

A comunicación coa presidencia e os membros da ANPA é fluída, estando abertos as súas propostas, expresadas no Consello escolar ou na comisión económica, como foi este curso as propostas de cursos como o de técnicas de estudo, conversación de inglés ou preparación emocional cara á ABAU.

Por outra parte, a relación cos responsables de alumnado estableceuse de moitas formas, ademais das reunións citadas, con circulares, cartas e entrevistas persoais.

As sesións semanais de atención das persoas titoras ás persoas responsables comunicáronse nunha circular de comezo de curso, na web do centro e na guía de alumnado. Cando calquera responsable de alumnado acudiu sen cita previa ao centro para expor algunha cuestión, foi debidamente atendido co propósito de lograr un mellor entendemento e a rápida solución de calquera problema xurdido.

A dirección e a xefatura de estudos mantiveron entrevistas con responsables de alumnado por diversos motivos:

- Aclaración de dúbidas con respecto a algún aspecto dos estudos dos fillos: saídas cara ao futuro, optativas, ou decisións segundo a situación persoal dos alumnos.
- Acumulación de faltas por condutas contrarias e/ou gravemente prexudiciais ás normas de convivencia.
- Suspensión do dereito de asistencia a clase ou a algunhas clases, por faltas contrarias ás normas de convivencia.
- Comunicación aos responsables de alumnado de faltas de asistencia a clase dos seus fillos.
- Cabe destacar as reunións celebradas para o inicio de varios expedientes de de absentismo escolar debido ás ausencias continuadas de determinado alumnado.
- Tamén cabe citar a aplicación do protocolo de identidade de xénero para unha alumna e 2º de bacharelato, situación xa normalizada, xa que comezou cando estaba matriculada en 4º da ESO.





Dende a vicedirección tiveron lugar reunións para tratar sobre as distintas viaxes culturais realizadas, xunto co profesorado encargado das mesmas e estableceuse unha comisión de 2º de bacharelato para organizar o acto de gradación e o "día despois" salientando o bo desenvolvemento de todos estes actos e actividades.

#### **d. Relación co persoal de administración e servizos. (en adiante PAS)**

No mes de novembro reunímonos co PAS para a reunión anual de curso e tamén ao longo do mesmo mantivemos distintas entrevistas, para tratar temas sobre os horarios, vacacións, traballos en xeral, suxestións de mellora, ou outras inquiredanzas dos distintos sectores.

Cabe destacar a xudicialización da relación laboral con este colectivo, logo da demanda interposta por unha das traballadoras por mor da modificación substancial de condicións laborais, ao indicarlle que debía volver a facer o seu horario laboral de tarde (en vez de mañá, como o que desenvolveu provisionalmente no curso 2017/18).

Coma en anos anteriores, a praza de persoal auxiliar administrativa segue a estar cuberta por unha interina xa que a súa persoa titular segue en comisión de servizos na Xefatura Territorial de Pontevedra.

#### **e. Coordinación cos centros de primaria.**

Os nosos centros adscritos son o CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2, logo de perder a adscripción do CEIP Santo André de Xeve en favor do IES Luis Seoane desde o curso 2017/18.

Como é habitual, delegouse esta coordinación na xefatura de departamento de Orientación e na xefatura de estudos.

A xornada de portas abertas na que o alumnado de 6º de primaria, acompañado polo profesorado do seu centro, celebrouse durante a celebración da Semana da Música. Nela, despois dunha presentación por parte do director e unha breve charla da orientadora, percorreron as instalacións do instituto con alumnado "metor" de 2º e 3º da ESO que se lles asignou. Se lles entregou unha guía detallada coa información máis relevante do centro e ao final da visita acudiron ao salón de actos para gozar das actuacións da Semana da Música.



## f. Relación co Concello de Pontevedra.

O Instituto participa, como en anos anteriores, en programas organizados polo Concello. Destas colaboracións queda constancia na memoria de vicedirección, no punto 10.b.

Tamén mantemos contactos coa Servizo Municipal de Deportes así como coa Concellería de Medio Ambiente coa fin de obter melloras na contorna do centro. A relación coa concellería de Deportes e a súa dirección xeral é importante, pois compartimos o uso do pavillón de deportes, tendo uso preferente en horario escolar.

Este ano solicitamos e recibimos unha colaboración económica para renovar vinilos e instalar o novo cartel do centro, coa nosa imaxe corporativa, e tamén para a adquisición das camisetas da Semana da Música o que propicio que este ano se encargaran 420 unidades.

## g. Relación con outras institucións.

Permanentemente o centro recibe información e propostas de museos, universidades, centros socioculturais, empresas de servizos de orientación, atención psicopedagóxica, actividades culturais, lúdicas, ONGDs... Cada proposta canalízase ao departamento correspondente e algunhas terminan incorporadas ás actividades complementarias e extraescolares.

Mencionamos a participación do noso alumnado en actividades organizadas fóra do centro, ás que acudiron baixo a organización de distintos departamentos e cuxa constancia queda nas memorias dos mesmos. Cremos que debemos estar presentes e participar nos diversos acontecementos que sirvan de proxección exterior do noso centro.

Agradecemos tamén a colaboración do alumnado do CPI Arquitecto Palacios de Nigrán, o IES Frei Martín Sarmiento, o CPR Eduardo Pondal de Cangas de Morrazo e do CEP Campolongo pola súa colaboración na Semana da Música deste curso.

Asdo. O director.

D. Juan Carlos Pérez Mestre.





## • Resultados por niveis e grupos.

Trala celebración da avaliación ordinaria, as porcentaxes de aprobado en tódalas materias son os seguintes, tendo unha información máis ampla no ANEXO II.

Avaliación ordinaria	18/19	17/18	16/17	15/16
1º da ESO	48%	52%	63%	51%
2º da ESO	49%	52%	47%	34%
3º da ESO	58%	38%	54%	51%
4º da ESO	38%	41%	61%	56%
1º de bacharelato	55%	51%	55%	44%
2º de bacharelato	80%	62%	67%	63%

### a. Matrículas de honra.

(maio) No presente curso escolar foron concedidas 4 matrículas de honra en 2º de bacharelato das 4 dispoñibles (1 por cada 20 alumnos ou fracción de 15 restante), sendo a nota de corte nun 9,90.

(xuño) No presente curso escolar foi concedida 1 matrícula de honra en 4º da ESO das 4 dispoñibles (1 por cada 20 alumnos ou fracción de 15 restante), sendo a nota de corte nun 9,29.

### b. Premios extraordinarios.

#### i. (maio) De bacharelato.

- Trala celebración da avaliación ordinaria, foi 1 alumno o que cumpría os requisitos para acceder ás probas para a concesión dos devanditos premios, cunha media igual ou superior a 9.

#### ii. (xuño) De educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico.

- Trala celebración da avaliación ordinaria, eran 17 os alumnos que cumprían os requisitos para acceder ás probas para a concesión dos devanditos premios, cunha media igual ou superior a 8,75.

#### iii. (xullo) De educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal.

- Aínda non foron convocados polo que estamos á espera da convocatoria para





ver as persoas candidatas

### c. Probas de avaliación de bacharelato e acceso á universidade (ABAU).

Trala celebración da ABAU ordinaria de xuño, a porcentaxe de aptos é a seguinte.

ABAU - PAU	18/19	17/18	16/17	15/16	14/15	13/14	12/13	11/12
Av. ordinaria	83%	96%	90%	91%	95%	91%	87%	93%
Av. extraordinaria		0%	75%	73%	100%	73%	80%	78%

#### • Informe de vicedirección.

O informe de vicedirección encóntrese no ANEXO III, dada a gran cantidade de imaxes que incorpora.

#### • Informe de xefatura de estudos.

Este informe faise conforme ás funcións da xefatura de estudos recollidas no apartado terceiro do artigo segundo das Normas de organización e funcionamento do centro.

#### a. Función planificadora temporal e de agrupamento de alumnos.

Os labores de planificación, que resultan laboriosas e levan moitísimo tempo non contemplado nos horarios do equipo directivo e da auxiliar administrativa, comezaron xa mentres remataba o curso anterior aplicando:

- O traballo dos equipos docentes que manifestaron durante as reunións das avaliacións o seu coñecemento do alumnado e precisaron cal sería a mellor maneira de recompoñer os grupos para un mellor aproveitamento académico.
- A especial colaboración das persoas titoras que xa durante o transcórreo do curso compartiron (na medida en que a Lei de protección de datos o permite) o seu coñecemento do alumnado, das características socioeconómicas e familiares que inflúen na marcha escolar e recolleron nos consellos orientadores o progreso das respectivas titorías.
- Os informes do departamento de Orientación. Concretamente a orientadora percorreu previamente os centros (non soamente os adscritos senón tamén outros centros dos que houbo solicitudes de admisión) para solicitar información e poder facer unha primeira aproximación á elaboración dos grupos de 1º ESO.
- O esforzo do persoal auxiliar administrativo e do equipo directivo que, tendo en conta as follas de reserva ou de permanencia interna do propio alumnado, axustou a oferta





educativa ás necesidades e peticións do alumnado e, segundo a dispoñibilidade e recursos humanos, mantivo a liña de calidade habitual con medidas de atención á diversidade.

- A fusión das posibilidades organizativas anticipando, por unha parte, as previsións de profesorado e, por outra, o compromiso do centro no Plan Proxecta, nas sete liñas de Contratos-Programa e en proxectos de innovación educativa.

Ao longo do curso producíronse algunhas modificacións en canto ao número de alumnos matriculados como consecuencia das seguintes baixas e altas:

- Baixas → Catro en 1º ESO, tres en 2º ESO, unha en 4º ESO, catro en 1º bacharelato e unha en 2º bacharelato.
- Altas → Cinco en 2º ESO e dúas en 4º ESO.

Este curso 2018/19 non se fixo ningunha Adaptación curricular nin houbo ningún alumno en Atención domiciliaria

Iniciáronse cinco protocolos de Absentismo dos que tres se resolveron no centro. Nos outros dous casos un dos alumnos foi matriculado noutro centro da provincia e o outro cumpriu os dezaseis anos.

Fíxose un plan de adquisición de linguas para o alumno Ilias Hira de 4º ESO.

Chegaron convocatorias dos sindicatos ao alumnado para dúas folgas: O 8 e o 21 de marzo de 2019 que transcorreron sen incidencias.

Necesitouse modificar a localización de grupos porque algúns alumnos viñan lesionados das súas actividades deportivas durante a fin de semana. Fíxose ostensible a imperiosa necesidade dun ascensor (que levamos solicitando moitos anos) para alumnos con mobilidade reducida.

## **b. Funcións orientadoras e de coordinación docente.**

### **i. Co departamento de Orientación.**

Co departamento de Orientación realizáronse desde xefaturas de estudos os encontros, diálogos e revisións todas as veces que foi necesario para atender aos alumnos ou ás familias que o demandaban así como para facer seguimento das conferencias e charlas pedagóxicas programadas no centro e nas saídas.

Especialmente este curso tivemos varias entrevistas cos educadores do Príncipe Felipe dada





a presenza nas nosas aulas de alumnos que viven nese centro.

Coa profesora de pedagogía Terapéutica houbo estreita colaboración desde Xefatura polas circunstancias dos alumnos que ela atendía.

A orientadora estivo presente en todas reunións de xefatura coas persoas titoras.

Tamén, nas xuntas de avaliación, se contou coa inestimable participación e axuda do departamento de Orientación sobre aspectos xerais dalgún grupo, ou sobre cuestións particulares referentes a algún alumno con problemas de aprendizaxe ou de conduta e, en xeral, sobre as medidas da atención á diversidade.

### ii. Coa Vicedirección.

Xefatura de estudos colaborou e apoiou en todo momento as labores de vicedirección na parte en que se encargaba de actividades complementarias e extraescolares, así como cando foi solicitada para que as actividades se levaran a cabo coordinando as datas e facendo relación do alumnado participante.

### iii. Cos departamentos didácticos.

Xefatura de estudos estivo presente cos departamentos didácticos non soamente a través da comisión de coordinación pedagóxica (CCP) que se reuniu nas datas marcadas senón que mantivo reunións con algunhas xefaturas de departamento para aclarar dúbidas que xurdiron referentes ás datas de materias pendentes e á situación dalgúns alumnos.

### iv. Coas persoas titoras e o profesorado en xeral.

As reunións da xefatura coas persoas titoras leváronse a cabo por niveis académicos diferenciados nas datas fixadas previamente ao principio do curso conforme ao seguinte horario:

Sesións de coordinación de titores	
1º ESO: Venres, das 12:30 ás 13:20 horas.	
2º ESO: Luns, das 10:25 ás 11:15 horas.	1º BTO: Mércores, das 10:25 ás 11:15 horas.
3º ESO: Xoves, das 12:30 ás 13:20 horas.	2º BTO: Martes, das 11:15 ás 12:05 horas.
4º ESO: Martes, das 13:20 ás 14:10 horas.	

Durante o presente curso realizáronse, desde setembro a maio, seis reunións coas persoas





titoras por niveis.

Datas	Orde do día (resumo)
<b>1º trimestre</b>	
<b>14 de setembro.</b>	Presentacións, instrucións iniciais, revisión de aula, elección delegado...
<b>Semana do 24 ao 28 de setembro.</b>	Valoración presentacións, documentación inicio de curso, faltas, plans, sub/delegados, instrucións av. inicial, TICs, reunión país.
<b>Semana do 12 ao 16 de novembro.</b>	Val. inicio curso e av. inicial, Instrucións 1ª av., rev. aulas, faltas, Nadal ...
<b>2º trimestre</b>	
<b>Semana do 21 ao 25 de xaneiro.</b>	Val. 1ª av. e pendentes, faltas, plans, Entroido, reserva e admisión ...
<b>Semana do 26 de febreiro ao 1 de marzo.</b>	Instrucións 2ª av., rev. aulas, faltas, Semana Santa, permanencias.
<b>3º trimestre</b>	
<b>Semana do 23 ao 29 de abril.</b>	Val. 2ª av., avaliación pendentes e ordinaria, faltas, Instruc. Xuño/sep...
<b>Semana do 20 ao 24 de maio. (non 2º de BTO)</b>	Avaliación extra/ordinaria, faltas, fin de curso e setembro, matrícula xuño e setembro, revisión final de aulas ...

A maiores foron múltiples os momentos de relación entre xefatura e titorías para a boa marcha académica dos grupos e alumnado. Nestas sesións fíxose a preparación, seguimento e comunicación de aspectos moi importantes para a boa marcha dos diferentes grupos sobre todo cando as persoas titoras compartían as dificultades e poñían en común as posibles solucións

É de salientar a labor das titorías na loita contra o absentismo do alumnado facendo un seguimento, máis alá dos seus horarios establecidos, para a comunicación cos responsables de certos alumnos que non querían asistir ó centro

Un recurso moi valioso é o funcionamento do abalarMóbil ao que, no presente curso, se sumou a posibilidade de E-Dixgal para comunicarse cos responsables do alumnado.







Na táboa seguinte atópase a relación de persoas titoras:

Grupo	Persoa titora	Horario de atención
1º ESO A	Gómez Calviño, Esmeralda Jerusa.	Venres, das 12:30 ás 13:20h.
1º ESO B	Piberne, Sabrina Karine Annick.	Venres, das 12:30 ás 13:20h.
1º ESO C	Solla Casqueiro, José María.	Venres, das 12:30 ás 13:20h.
1º ESO D	de Paz Mucientes, María de la O.	Venres, das 12:30 ás 13:20h.
2º ESO A PMAR	Ogando Fernández, Delfín Benito.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
2º ESO A	Tortajada Bermúdez, Mónica.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
2º ESO B	Doce Caaveiro, Josefa Delfina.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
2º ESO C	Ricoy Bugarín, José Antonio.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
2º ESO D	Vilas Juncal, María.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
3º ESO A PMAR	López Sánchez, María Mercedes.	Xoves, das 12:30 ás 13:20h.
3º ESO A	Rivero Veiga, Eusebio.	Xoves, das 12:30 ás 13:20h.
3º ESO B	Maqueira Coello, Ricardo.	Xoves, das 12:30 ás 13:20h.
3º ESO C	Fernández Fernández, María Sara.	Xoves, das 12:30 ás 13:20h.
3º ESO D	Villameá Hernández, María Carmen.	Xoves, das 12:30 ás 13:20h.
4º ESO A	Seijas Ramos, Patricia.	Luns, das 11:15 ás 12:05h.
4º ESO B	Castro García, Mª Jesús.	Xoves, das 11:15 ás 12:05h.
4º ESO C	Godón Davila, Xosé Francisco.	Martes, das 11:15 ás 12:05h.
4º ESO D	Bonanad Calviño, Francisco Javier.	Luns, das 13:20 ás 14:10h.
1º BAC A	Mezquita Fernández, Mª Inmaculada.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
1º BAC B	Álvarez Paredes, Mª del Mar.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
1º BAC C	Sarandeses López, Mª Blanca.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
1º BAC D	Blanco Imes, Catarina Linn.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
2º BAC A	Puime Montero, Patricia María.	Martes, das 11:15 ás 12:05h.
2º BAC B	López Sobrado, Marta.	Martes, das 11:15 ás 12:05h.
2º BAC C	Requejo Vázquez, María Jesús.	Martes, das 11:15 ás 12:05h.

Co resto do profesorado as funcións de xefatura desenroláronse no cotián con diversas entrevistas e diálogos para poñer en común as preocupacións polo progreso do alumnado e na procura de solucións cando foi preciso



**v. Co alumnado e coa xunta de persoas delegadas.**

Nas primeiras semanas de curso fixéronse en cada grupo as oportunas votacións para que o alumnado elixise aos seus representantes que poden verse na seguinte Táboa. E constituíuse a xunta de delegados o 23 de novembro de 2018 resultando elixido Luis Cendón como presidente e Guillermo Fernández como secretario

Xunta de persoas delegadas e subdelegadas.		
Grupo	Delegadas/os	Subdelegadas/os
1º ESO A	Saleta Castiñeira	Pedro D. Carmuega
1º ESO B	Cristian Muíños	Andrea Blázquez
1º ESO A-B	Saleta Castiñeira	Andrea Blázquez
1º ESO C	Candela Justo	Noa Iglesias
1º ESO D	Judit Ventura	Juan Ocampo
1º ESO C-D	Erik Pontes	Raquel Villanueva
2º ESO A PMAR	Yomara Montoya	Iván Rey
2º ESO A	Iria Sueiro	Erik D. Castellanos
2º ESO B	Irina González	María Agrelo
2º ESO C	Xermán González	María Buceta
2º ESO D	J. Stiven Gómez	Alberto Loureiro
2º ESO BCD	Andrés A. Reguera	Xermán González
3º ESO A PMAR	Inés Pereira	Irea Torres
3º ESO A	María Amoedo	Mario Balagones
3º ESO B	Carlos Rodríguez	Diego Torres
3º ESO C	Zoe Seoane	César Poza
3º ESO D	Manuel Castiñeira	Lucía Dios
4º ESO A	Frank Abelleira	Álvaro Losada
4º ESO B	Pablo Dopazo	Andrea Area
4º ESO C	Saúl Caamaño	Raúl Fernández
4º ESO D	Ainhoa Rodríguez	Marcos Durán
1º BTO A	Laura Blanco	Juan Piñeiro
1º BTO B	Daniel Viéitez	Florencia Travieso
1º BTO C	Olinda Lorenzo de O.	Carla Ulloa





1º BTO D	Fabio Grajales	Daniel Fernández
2º BTO A	Guillermo Fernández	Manuel Bouzas
2º BTO B	Iván Arijá	David Márquez
2º BTO C	Luis Cendón	Lis Vallori

A continuación a relación de reunións coas persoas delegadas de grupo ás que tamén asistiron os alumnos representantes no Consello Escolar

Nivel	Datas
1º e 2º da ESO	8 de outubro de 2018 e 6 de febreiro de 2019.
3º da ESO	16 de outubro de 2018 e 7 de febreiro de 2019.
4º da ESO	17 de outubro de 2018 e 7 de febreiro de 2019.
1º de bacharelato	24 de outubro de 2018 e 8 de febrero de 2019.
2º de bacharelato	24 de outubro de 2018 e 5 de febreiro de 2019.

#### vi. Coas persoas responsables.

Tivemos na primeira semana de outubro as reunións de cada grupo coas persoas responsables do alumnado e coas persoas titoras en cadansúa aula para presentarlles o novo curso coas normas, consellos e orientacións necesarias.

Xefatura de estudos estivo en permanente contacto coas persoas responsables do alumnado para tratar temas relacionados cos estudos e/ou o comportamento das súas/dos seus fillas/fillos. Nalgúns casos a iniciativa partiu das propias familias e, noutros casos, partiu de xefatura para tentar resolver situacións que precisaban a implicación familiar.

Foi necesario dedicar moito tempo no caso de certos alumnos polas súas condutas inadecuadas. Outras veces por solucionar acontecementos relacionados con rotura de material escolar, devolución de móbiles ou doutros obxectos, uso de tabaco, pequenos furtos e imprevistos varios.

#### vii. Co profesorado.

O profesorado foi atendido en diversos aspectos no despacho e tamén, na medida en que a presenza de xefatura era solicitada, nas aulas para axudar a unha mellor convivencia.





Aproveitouse para compartir información, realizar a análise de cada grupo, chegar a acordos de actuación conxunta, toma de decisións para intentar mellorar e optimizar o rendemento académico, tamén o clima de convivencia e facer un seguimento do proceso ensino e de aprendizaxe.

### viii. Con outras institucións.

Con persoas de Servizos Sociais por teléfono e en persoa para facer seguimento.

Relación e informes ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Relacións coa Policía local e nacional para corrixir a presenza de persoas alleas ao centro nos patios durante o tempo de lecer. Neste aspecto foi decisiva a intervención policial para evitar que persoas non identificadas molestaran a menores do noso centro.

### c. Funcións convivenciais e disciplinarias.

Aínda que as cifras non reflicten a realidade das persoas expónse na seguinte táboa unha referencia numérica:

CURSO 2018/19	Libro de aula inclusiva				Partes falta de orden				Derivacións a domicilio			
	T 1	T 2	T 3	Total	T 1	T 2	T 3	Total	T 1	T 2	T 3	Total
1º ESO	1	2	36	39	22	22	23	67	2	4	2	8
2º ESO	1	1	12	14	18	11	8	37	1	0	0	1
3º ESO	2	1	9	12	2	6	10	18	0	1	3	4
4º ESO	5	0	0	5	2	3	3	8	0	1	0	1
1º BAC.	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
2º BAC	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>TOTAIS</b>	<b>9</b>	<b>4</b>	<b>57</b>	<b>70</b>	<b>44</b>	<b>42</b>	<b>45</b>	<b>131</b>	<b>3</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>14</b>

As cifras van por unha banda e a vida por outra. De xeito que se pode afirmar que o nivel de 1º ESO é o de máis dificultade. Pero a medida que subimos no nivel de grupo a dificultade vai diminuíndo. Despois dos resultados do segundo trimestre foron a maiores as derivacións á aula





inclusiva por petición de xefatura pero o número de faltas de orde mantívose, máis ou menos, nas mesmas cifras. Aínda que destaca negativamente a aparición de faltas de orde en 3º ESO, concretamente no grupo de PMAR e as derivacións da alumna María Rodríguez en 3º ESO D.

Seguimos na convicción de que derivar o alumnado ao seu domicilio non serve de moito polo que, a base de diálogo e conciliacións, ademais de solicitar maior implicación dos responsables familiares parece que podemos sentir satisfacción pois a convivencia é boa.

É importantísima a mediación realizada por o TEI.

Son maioría os bos alumnos que teñen un comportamento exemplar, un rendemento académico axeitado e unha actitude e hábitos cara ao estudo e traballo diario moi positivos pero hai outros que destacan polo contrario e son os que máis relación tiveron coa xefatura de estudos. Concretamente os alumnos que máis problemas tiveron foron os que pasaron de curso por imperativo legal. Asisten ao centro forzados pola obrigatoriedade pero sen vontade ningunha de aprender e acaban no absentismo e/ou problemas de convivencia.

Fíxose protocolo común á alumna Andrea Fátima Area Effio de 4º ESO B polo seu comportamento durante a actividade extraescolar a Andorra.

Houbo outros roces e conflitos entre o alumnado, móbiles requisados polo profesorado, pequenos furtos ou obxectos desaparecidos. Curiosamente os portátiles E-Dixgal que desaparecían estaban esquecidos nas aulas ou nos buses.

Un conflito entre dous alumnos de 1º ESO foi catalogado como acoso mutuo polas dúas familias implicadas. Agardamos a ver como se reinicia a relación entre os dous alumnos no próximo curso

#### **d. Conclusións.**

Esta memoria é unha pequena relación do curso 2018/19 en xefatura. Están recollidas a diario as incidencias pero sen contabilizar todas as visitas nin todas as situacións con alumnos, familias e profesorado pois é imposible detallar por escrito a non ser aqueles acontecementos dos que haxa que dar referencias nos claustros, nas reunións de convivencia ou nos consellos escolares

Asdo. A xefa de estudos.

D<sup>a</sup> Olga López Míguez.





- **Informe de secretaría.**

- a. Aspectos económicos xerais.**

Os membros da comisión económica do consello escolar para o bienio 2018/20 encóntranse relacionados no apartado 2.a, onde tamén veñen relacionadas as reunións que tiveron.

Tamén se pode consultar no apartado 2.a cando foron informadas as contas do exercicio anterior e cando foi presentado o anteproxecto de orzamento das contas presente exercicio.

- b. Instalacións e equipamento.**

Ao longo do curso 2018/19 chegaron as seguintes dotacións:

- 60 pupitres e cadeiras por mor do incremento de matrícula.
- Perchas para repoñer nas aulas.
- 4 corticeiras para exposicións e/ou aulas.
- 6 taquillas para a reposición das de profesorado e tres estanterías por mor da inundación de agosto de 2017.

- c. Obras de acondicionamento e mellora.**

- Posta a punto ordinaria do centro (pintado e arranxos varios nas aulas)
- Como obras de gran tamaño:
  - Substitución de falsos teitos (1º andar e andar baixo), en termos acústicos e térmicos co obxectivo de acadar o 70% dos instalados, aproveitando para renovar o 100% da iluminación Led neste andar.
  - Construción das aulas TIC1 (1º andar, entre escaleiras) e 2º de bacharelato D (2º andar, entre escaleiras)
  - Adecuación do Espazo maker.
  - Instalación de ventás na aula Informática 0.
  - Instalación de porta correidora na aula de debuxo Técnico.
  - Adecuación dos armarios da secretaría para que sexan máis accesibles.
  - Adecuación dos aseos de profesorado e accesos ao hall de oficinas.





- Mellora da iluminación, illamento e aireación do salón de actos.
- Instalación solar fotovoltaica na mellora da nosa pegada de carbono mediante o aforro enerxético correspondente.
- Transparencia nas aulas: Instalación de ventanucos nas portas principais de acceso, de pequeno e gran formato. (acometido ao 50%)
- Amestramento e chaves nas portas de emerxencia. (pendente de actuación)
- Mellora da insonorización nas portas de acceso ás aulas. (acometido o 70%)
- Pistas deportivas: (comprometido co Servizo Municipal de deportes)
  - Instalación de redes nas pistas interiores e exteriores.
  - Pintado e maquillaxe de pistas interiores (desconchados e liñas)
  - Canles de pluviais.
- Reforzo da imaxe corporativa, inclusive Piteas, Aulas Abalar e cartel grande na entrada. (acometido ao 100%)
- Reordenación de espazos de cara ao vindeiro curso. (aulas, departamentos e titorías)
- Proxecto abalar:
  - Ampliación da cobertura WIFI ao 90% dos espazos.
  - Servizo wifi de balde para o alumnado e profesorado.
  - Migración paulatina de tódolos ordenadores a abalar.
    - Aulas normais. (xa están o 95%)
    - Aulas de informática. (Xa están o 100%)
  - Departamentos, despachos, oficinas, biblioteca...
    - Un equipo en Windows e outro en Abalar.
  - Conformidade do centro no proxecto Edixgal para os niveis de 1º e 2º de ESO con 6 materias para cada nivel.
- Abalarmóbil e mensaxería Abalar.





- Considérase que esta canle de comunicación entre o centro e os responsables é todo un éxito pois o 95% dos responsables activaron o servizo.

Asdo. A secretaria.

D<sup>a</sup> Esther Padín Vidal.

- **Informe ao claustro e ao Consello escolar.**

A presente memoria é informada ao Consello escolr do 27 de xuño de 2019 e claustro do 28 de xuño de 2019.

- **Anexos.**

- a. **Estatísticas.**

- b. **Memoria de Vicedirección.**

- c. **Memoria do departamentos de Orientación.**

- d. **Memorias dos departamento didácticos.**

- Memoria do dep. de Bioloxía e xeoloxía.
    - Memoria do dep. de Debuxo.
    - Memoria do dep. de Economía.
    - Memoria do dep. de Filosofía.
    - Memoria do dep. de Física e química.
    - Memoria do dep. de Francés.
    - Memoria do dep. de Grego e Latín
    - Memoria do dep. de Inglés.
    - Memoria do dep. de Lingua castelá e literatura.
    - Memoria do dep. de Lingua galega e literatura.







- Memoria do dep. de Matemáticas.
- Memoria do dep. de Música.
- Memoria do dep. de Relixión.
- Memoria do dep. de Tecnoloxía.
- Memoria do dep. de Xeografía e historia.

**e. Memoria do Equipo de dinamización en lingua galega.**

**f. Memoria do PLAMBE. (Plan de mellora de bibliotecas escolares)**

**g. Memoria do club de lectura.**

**h. Memoria dos Contratos-programa**

**i. Memoria de plan Proxecta**

**j. Memoria do club de Ciencia.**

**k. Memoria do Espazo Maker.**

